

MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA DA 12ª XUNTANZA****Concurso público por procedemento aberto para a contratación do SERVIZO DE LIMPEZA da estación de autobuses**

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 17 de outubro de 2016 ás 14.16 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez
Vogais: Don Xan Duro Fernández, representante de CA
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE.
Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP
Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG.
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade.
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade
Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno.

ORDE DO DÍA

- 1. Dar conta do resultado do requirimento de documentación á empresa ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA.**

Dáse conta á mesa de contratación do resultado do requirimento de documentación á empresa ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA, que rematou coa comunicación da decisión da empresa de non aportar a documentación requirida.


En consecuencia, e tendo en conta que esta era a última das empresas incluídas no cadro de clasificación final, acórdase dar conta ao Consello de Administración de tal circunstancia, aos efectos de que se acorde deixar deserta a licitación.

- 2. Dar conta do informe requirido na xuntanza de 8 de setembro, emitido polos servizos xurídicos da Sociedade.**

Dáse conta aos membros da Mesa do informe xurídico externo solicitado en relación ao réxime de responsabilidades por renuncia das empresas.

Logo dun breve debate a este respecto, e dado que a renuncia das empresas parece motivada porque o prego de condicións valora de maneira relevante (ata 5 puntos de 25) o cambio de horario, cambio ao que se opoñen os traballadores subrogados (o que obrigaría á a iniciar un procedemento de modificación substancial das condicións de traballo, segundo establece o artigo 41 do estatuto dos traballadores), os membros da Mesa acordan non propoñer ningunha medida contra as empresas que finalmente retiraron as súas ofertas.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 14.42 horas. Dou fe.



MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA DA 11ª XUNTANZA****Concurso público por procedemento aberto para a contratación do SERVIZO DE LIMPEZA da estación de autobuses**

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 8 de setembro de 2016 ás 13.18 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez
Vogais: Don Xan Duro Fernández, representante de CA
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE.
Dona María Antón Vilasánchez, representante do PP
Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG.
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade.
Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.

Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno.

ORDE DO DÍA**1. Dar conta do resultado do requirimento de documentación á empresa LIMPIEZAS GERMANIA, SL e nova proposta de adxudicación.**

Dáse conta á mesa de contratación do resultado do requirimento de documentación á empresa LIMPIEZAS GERMANIA, SL, que rematou coa non presentación da documentación requirida.

O artigo 17.1 do prego establece que *“de non cumprimentarse adecuadamente estes requirimentos no prazo sinalado, ou de non constituír a garantía definitiva no prazo de dez días inicialmente sinalados, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas”*.


Intervén o Sr. secretario quen fai constar a súa preocupación pola deriva deste proceso, no que se está a solicitar a documentación á cuarta empresa da lista e plantexa a dubida sobre se as bases foron as axeitadas. Responde o Sr. xerente que se trata principalmente dun problema e conflictividade laboral no servizo.

Intervén a Sra. Interventora quen propón a realización dunha consulta á asesoría xurídica sobre a posible responsabilidade das empresas por ter presentado ofertas ás que despois renuncian.

Rematadas as intervencións, e de conformidade cos termos do informe, que se acompaña á presente acta, e mesas anteriores, ACÓRDASE propoñer á empresa **ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA**, que ofertou un importe de **165.657,24 euros** (máis o IVE), 150 horas gratuítas para servizos urxentes e 2 limpeza de tellados; ao ser a seguinte clasificada do cadro de clasificación final.

Procederáse de acordo coa cláusula 17 do prego de condicións de aplicación, aos efectos de que presenten a documentación que recolle a devandita cláusula no prazo de 10 días naturais desde que reciban o requirimento do director xerente.

Sen máis asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 13.30 horas. Dou fe.



MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA DA 10ª XUNTANZA****Concurso público por procedemento aberto para a contratación do SERVIZO DE LIMPEZA da estación de autobuses**

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 29 de xullo de 2016 ás 13.00 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez
Vogais: Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE.
Dona María Antón Vilasánchez, representante do PP
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade.
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade.
Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.

Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno.

Non asiste: Don Xan Duro Fernández, representante de CA
Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG.

ORDE DO DÍA

- 1. Dar conta do resultado do requirimento de documentación á empresa LLIMPERGAL, SL e nova proposta de adxudicación.**




Dáse conta á mesa de contratación do resultado do requirimento de documentación á empresa LIMPERGAL, SL, que rematou coa renuncia da empresa.

O artigo 17.1 do prego establece que *"de non cumprimentarse adecuadamente estes requirimentos no prazo sinalado, ou de non constituír a garantía definitiva no prazo de dez días inicialmente sinalados, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas"*.

De conformidade cos termos do informe, que se acompaña á presente acta, e mesas anteriores, ACÓRDASE propoñer á empresa **LIMPIEZAS GERMANIA, SL**, que ofertou un importe de **165.000,00 euros** (máis o IVE), 100 horas gratuítas para servizos urxentes e 2 limpezas de tellados; ao ser a seguinte clasificada do cadro de clasificación final.

Procederáse de acordo coa cláusula 17 do prego de condicións de aplicación, aos efectos de que presenten a documentación que recolle a devandita cláusula no prazo de 10 días naturais desde que reciban o requirimento do director xerente.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 13.10 horas. Dou fe.



INFORME

ASUNTO: requirimento de presentación de documentación á empresa LIMPERGAL, SL.

A mesa de contratación reunida o pasado 19 de xullo, acordou propoñer á empresa LIMPERGAL, SL como adxudicataria do servizo de limpeza da estación de autobuses de Santiago e requirila para que, no prazo de 10 días naturais a partir da recepción do requirimento, presentara a documentación de acordo co establecido no artigo 17 do prego.

O día 19 de xullo de 2016 realizouse o devandito requirimento e o día 27 a empresa LIMPERGAL, SL presentou escrito de renuncia á proposta de adxudicación.

O artigo 17.1 do prego establece que *“de non cumprimentarse adecuadamente estes requirimentos no prazo sinalado, ou de non constituír a garantía definitiva no prazo de dez días inicialmente sinalados, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas”*.

O cadro coa clasificación final, de acordo co informe de 23 de xuño, foi o seguinte:

| Empresas | Puntuación sobre 2 | Puntuación sobre 3 | TOTAL |
|---------------------------------------|--------------------|--------------------|-------|
| Limpiezas Salgado, SL | 6,60 | 13,22 | 19,82 |
| Limpergal, SL | 4,44 | 15,08 | 19,52 |
| Limpiezas Germania, SL | 6,35 | 11,87 | 18,22 |
| ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA | 5,43 | 10,60 | 16,03 |

Por todo o indicado, e de acordo co que establece o prego de condicións, debería procederse a unha nova proposta de adxudicación a favor da empresa **Limpiezas Germania, SL**.

Deste xeito procederíase de acordo coa cláusula 17 do prego de condicións, aos efectos de que presente a documentación que recolle a devandita cláusula no prazo de 10 días naturais desde que reciba o requirimento do director xerente.

É canto teño a ben informar.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2016


O DIRECTOR-XERENTE,

Asdo./ Jose Ramón Mosquera Ferreiro




MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA DA 9ª XUNTANZA****Concurso público por procedemento aberto para a contratación do SERVIZO DE LIMPEZA da estación de autobuses**

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 19 de xullo de 2016 ás 8.40 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez
Vogais: Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE.
Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG.
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade.
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade.
Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.


Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno.

Non asiste: Don Xan Duro Fernández, representante de CA, nin representante do partido popular.

ORDE DO DÍA

- 
- 1. Dar conta do resultado do requirimento de documentación á empresa Limpiezas Salgado, SL e nova proposta de adxudicación.**

Dáse conta á mesa de contratación do resultado do requirimento de documentación á empresa Limpiezas Salgado, SL, que rematou coa non presentación da documentación requirida.



O artigo 17.1 do prego establece que *“de non cumprimentarse adecuadamente estes requirimentos no prazo sinalado, ou de non constituír a garantía definitiva no prazo de dez días inicialmente sinalados, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas”*.

De conformidade cos termos do informe, que se acompaña á presente acta, e mesas anteriores, ACÓRDASE propoñer á empresa **LIMPERGAL, SL**, que ofertou un importe de **162.658,00 euros** (máis o IVE) e 50 horas gratúitas para servizos urxentes; ao ser a seguinte clasificada do cadro de clasificación final.

Procederáse de acordo coa cláusula 17 do prego de condicións de aplicación, aos efectos de que presenten a documentación que recolle a devandita cláusula no prazo de 10 días naturais desde que reciban o requirimento do director xerente.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 8.42 horas. Dou fe.

A collection of approximately seven handwritten signatures in blue ink, scattered across the middle of the page. The signatures vary in style, with some being very dense and scribbled, and others being more fluid and cursive.

INFORME

ASUNTO: requirimento de presentación de documentación á empresa Limpiezas Salgado, SL.

A mesa de contratación reunida o 27 de xuño, acordou propoñer á empresa Limpiezas Salgado, SL como adxudicataria do servizo de limpeza da estación de autobuses de Santiago e requirila para que, no prazo de 10 días naturais a partir da recepción do requirimento, presentara a documentación de acordo co establecido no artigo 17 do prego.

O día 4 de xullo de 2016 realizouse o devandito requirimento, rematando o prazo outorgado o 14 de xullo, sen que a empresa presentara a documentación requirida.

O artigo 17.1 do prego establece que *“de non cumprimentarse adecuadamente estes requirimentos no prazo sinalado, ou de non constituír a garantía definitiva no prazo de dez días inicialmente sinalados, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas”*.

O cadro coa clasificación final, de acordo co informe de 23 de xuño, foi o seguinte:

| Empresas | Puntuación sobre 2 | Puntuación sobre 3 | TOTAL |
|---------------------------------------|--------------------|--------------------|-------|
| Limpiezas Salgado, SL | 6,60 | 13,22 | 19,82 |
| Limpergal, SL | 4,44 | 15,08 | 19,52 |
| Limpiezas Germania, SL | 6,35 | 11,87 | 18,22 |
| ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA | 5,43 | 10,60 | 16,03 |


Por todo o indicado, e de acordo co que establece o prego de condicións, debería procederse a unha nova proposta de adxudicación a favor da empresa **LIMPERGAL, SL**.

Deste xeito procederíase de acordo coa cláusula 17 do prego de condicións, aos efectos de que presente a documentación que recolle a devandita cláusula no prazo de 10 días naturais desde que reciba o requirimento do director xerente.

É canto teño a ben informar.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2016

O DIRECTOR-XERENTE,



Asdo./ José Ramón Mosquera Ferreiro

MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA DA 8ª XUNTANZA****Concurso público por procedemento aberto para a contratación do SERVIZO DE LIMPEZA da estación de autobuses**

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 27 de xuño de 2016 ás 13.29 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez
Vogais: Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP.
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE.
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade.
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade.

Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno.

Non asiste: Don Xan Duro Fernández, representante de CA, Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG e Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.

ORDE DO DÍA

- 1. Valoración da documentación do sobre nº 3 (proposición económica e oferta relativa aos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras e porcentaxes) e proposta de adjudicación.**

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo sobre a documentación do sobre nº 3, informe que se acompaña á presente acta.

Da análise do referido informe despréndese que quen acada a máxima puntuación no proceso e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas, é o licitador LIMPIEZAS SALGADO, SL.


De conformidade cos termos do informe, e mesas anteriores, ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Excluir da licitación as ofertas presentadas por OHL Servicios Ingesan, SA, por non cumprir cos horarios establecidos no prego para a limpeza dos baños e a presentada pola empresa ITMA, SLU, ao non presentar debidamente asinada a súa documentación, incumprindo o requirimento do prego segundo recolle a cláusula 13.4.

SEGUNDO: Propoñer á empresa **LIMPIEZAS SALGADO, SL**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e ofertou un importe de **165.000,00 euros** (máis o IVE) e as seguintes melloras: 1.000 horas gratuítas para servizos urxentes e dúas limpezas anuais dos tellados e canais da estación.

Procederáse de acordo coa cláusula 17 do prego de condicións de aplicación, aos efectos de que presenten a documentación que recolle a devandita cláusula no prazo de 10 días naturais desde que reciban o requirimento do director xerente.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 13.43 horas. Dou fe.

The image shows several handwritten signatures in blue ink. On the left, there are three distinct signatures: a large, dense scribble at the top, a signature in the middle, and a large, stylized signature at the bottom. On the right, there are two more signatures: a smaller one above a larger, more complex one that includes a horizontal line.

INFORME

ASUNTO: valoración da proposición económica e oferta relativa aos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes, do concurso para a contratación do servizo de limpeza da estación de autobuses de Santiago de Compostela.

A mesa de contratación, reunida o día 21 de xuño de 2016 deu traslado da documentación xustificativa dos criterios avaliados mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores que seguen no procedemento, aos efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos da puntuación correspondente.

- ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA
- Limpergal, SL
- Limpiezas Germania, SL
- Limpiezas Salgado, SL

O prego de condicións, na cláusula 10.3, establece:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIADOS MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAJES

2.- Proposta económica, ata 15 puntos.

Daráselle a máxima puntuación á oferta económica máis baixa. O resto valorarase de forma lineal ata o prezo máximo que valerá cero puntos.

Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Cando a mesa de contratación presuma fundadamente que a proposición non se poida cumprir como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días hábiles xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación correspondente. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a aos servizos técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.

Consideraranse, en principio, como desproporcionadas ou anormais as ofertas que se atopan nos seguintes supostos:

1.- Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.

2.- Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.

3.- Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da devandita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.

4.- Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, calcularase unha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

Para a xustificación da oferta o licitador poderá presentar a documentación que estime oportuna en relación ao que recolle o artigo 152.3 do TRLCSP.

3.- Melloras ofertadas, ata 3 puntos.

Valoraranse da seguinte maneira:

- a) Proposta de horas gratuítas para servizos urxentes: ata 1,5 puntos. Á oferta con maior número de horas asignaráselle 1,5 puntos e o resto puntuarase de xeito proporcional.
- b) Proposta de limpeza dos tellados e canais da estación dúas veces ao ano (unha sería na primavera e a outra unha vez rematado o outono): 0,75 puntos por cada limpeza.

Tendo en conta o antedito, procédese a analizar as ofertas dos licitadores:

OFERTA ECONÓMICA (ata 15 puntos)

Antes de proceder á valoración da oferta económica débese analizar se algunha das ofertas presentan valores anormais ou desproporcionados.

A diferenza das ofertas presentadas coa media aritmética é a seguinte:

| Empresas | Proposición económica | Porcentaxe en relación á media aritmética |
|---------------------------------------|-----------------------|---|
| ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA | 165.657,24 € | 0,66% |
| Limpergal, SL | 162.658,00 € | -1,17% |
| Limpiezas Germania, SL | 165.000,00 € | 0,26% |
| Limpiezas Salgado, SL | 165.000,00 € | 0,26% |

| | |
|-------------------------|---------------------|
| MÉDIA ARITMÉTICA | 164.578,81 € |
|-------------------------|---------------------|

Como se pode observar, ningunha oferta económica presenta valores anormais ou desproporcionados, polo que se pode proceder á súa valoración.

A valoración da oferta económica, tendo en conta que o orzamento de licitación é de 170.000 €, IVE excluído, é a seguinte:

| Empresas | Proposición económica | Baixa segundo orzamento licitación | Puntuación |
|---------------------------------------|-----------------------|------------------------------------|------------|
| ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA | 165.657,24 € | 4.342,76 € | 8,87 |
| Limpergal, SL | 162.658,00 € | 7.342,00 € | 15,00 |
| Limpiezas Germania, SL | 165.000,00 € | 5.000,00 € | 10,22 |
| Limpiezas Salgado, SL | 165.000,00 € | 5.000,00 € | 10,22 |

MELLORAS OFERTADAS (ata 3 puntos)

As melloras valoraranse da seguinte maneira:

- Proposta de horas gratuítas para servizos urxentes: ata 1,5 puntos.
- Proposta de limpeza dos tellados e canais da estación dúas veces ao ano (unha sería na primavera e a outra unha vez rematado o outono): 0,75 puntos por cada limpeza (total ata 1,5 puntos).

As ofertas e a súa puntuación é a seguinte:

| Empresas | Horas gratuítas ofertadas | PUNTUACIÓN HORAS | Limpeza tellados ofertada | PUNTUACIÓN LIMPEZA TELLADOS | PUNTUACIÓN TOTAL MELLORAS |
|---------------------------------------|---------------------------|------------------|---------------------------|-----------------------------|---------------------------|
| ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA | 150 | 0,23 | 2 veces | 1,50 | 1,73 |
| Limpergal, SL | 50 | 0,08 | 0 veces | 0,00 | 0,08 |
| Limpiezas Germania, SL | 100 | 0,15 | 2 veces | 1,50 | 1,65 |
| Limpiezas Salgado, SL | 1.000 | 1,50 | 2 veces | 1,50 | 3,00 |

En base ao indicado, a **puntuación total do sobre número 3** é a que segue:

| Empresas | Oferta económica | Melloras | TOTAL |
|---------------------------------------|------------------|----------|-------|
| ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA | 8,87 | 1,73 | 10,60 |
| Limpergal, SL | 15,00 | 0,08 | 15,08 |
| Limpiezas Germania, SL | 10,22 | 1,65 | 11,87 |
| Limpiezas Salgado, SL | 10,22 | 3,00 | 13,22 |

Polo tanto, sumando as **puntuacións do sobre 3** e as **puntuacións acadadas no sobre 2**, aprobadas pola mesa, o resultado é o seguinte:

| Empresas | Puntuación sobre 2 | Puntuación sobre 3 | TOTAL |
|---------------------------------------|--------------------|--------------------|-------|
| ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA | 5,43 | 10,60 | 16,03 |
| Limpergal, SL | 4,44 | 15,08 | 19,52 |
| Limpiezas Germania, SL | 6,35 | 11,87 | 18,22 |
| Limpiezas Salgado, SL | 6,60 | 13,22 | 19,82 |

Por todo o indicado, e de acordo co que establece o prego de condicións, a xuízo de quen informa, a empresa **LIMPIEZAS SALGADO, SL** é a que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa.

Para o caso de que a Mesa dea por ben motivado o presente informe, procederá de acordo coa cláusula 17 do prego de condicións, aos efectos de que a empresa LIMPIEZAS SALGADO, SL presente a documentación que recolle a devandita cláusula no prazo de 10 días naturais desde que reciba o requirimento do director xerente.

É canto teño a ben informar.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2016

O TÉCNICO DE APARCADOIROS E
 OUTRAS ACTIVIDADES DO TRANSPORTE,



Asdo./ Antonio Padín Tuimil

MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA DA 7ª XUNTANZA****Concurso público por procedemento aberto para a contratación do SERVIZO DE LIMPEZA da estación de autobuses**

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 21 de xuño de 2016 ás 14.00 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez
Vogais: Don Xan Duro Fernández, representante de CA.
Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP.
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE.
Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade.
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade.
Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno.

Non asiste: Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG.

Tamén asisten: Dona M^a del Carmen Sixto Ferreiro e Dona Cristina Rodríguez García en representación de Limpiezas Salgado, SL.

ORDE DO DÍA**1. Valoración da proposición relativa aos criterios de adxudicación non avaliábles mediante cifras ou porcentaxes da empresa LIMPIEZAS SALGADO, SL**

A mesa de contratación procede ao exame do informe valorativo realizado polo técnico de TUSSA sobre os criterios de adxudicación NON avaliábles mediante cifras ou porcentaxes da empresa Limpiezas Salgado, SL e no que se dá conta da puntuación acadada por este licitador e se recolle un cadro resumo coas puntuacións relativas á documentación do sobre nº 2 do resto de empresas.

Este informe acompáñase á acta.

2. Apertura do sobre nº 3 (proposición económica e oferta relativa aos criterios de adxudicación avaliábles mediante cifras e porcentaxes) da empresa Limpiezas Salgado, SL.

Neste momento acceden á sala as representantes da empresa Limpiezas Salgado, SL.


A Mesa de contratación procede á apertura do sobre nº 3 que contén a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras e porcentaxes da empresa Limpiezas Salgado, SL.

Resultado da apertura:

| NOME DO LICITADOR | PREZO OFERTADO | MELLORAS | RELACIÓN DE MEDIOS |
|-----------------------|----------------|----------|--------------------|
| Limpiezas Salgado, SL | 165.000,00 € | Si | Si |

Finalmente acórdase o traslado da documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras e porcentaxes do licitador Limpiezas Salgado, SL ao técnico de TUSSA aos efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos da puntuación correspondente a este licitador e aos outros tres licitadores que continúan no procedemento: ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA, Limpergal, SL e Limpiezas Germania, SL.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 14.28 horas. Dou fe.



INFORME

ASUNTO: Informe de valoración do sobre nº 2, presentado por Limpiezas Salgado, SL, no concurso para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de limpeza da estación de autobuses de Santiago.

O presente informe redáctase a solicitude da Mesa de Contratación, reunida o 15 de xuño de 2016, ao obxecto de valorar a documentación do sobre nº 2 “proposición relativa aos criterios de adxudicación non avaliados mediante cifras ou porcentaxes”, presentada por Limpiezas Salgado, SL

Segundo indica o artigo 13.3, no sobre nº 2 *incluírase a documentación acreditativa do criterio de adxudicación 1 “proposta de organización do servizo”.*

A documentación estará numerada correlativamente e non excederá estritamente de 30 folios DIN A4, redactadas en fonte de letra ARIAL e tamaño 10 (ou similar perfectamente lexible) a unha soa cara ou ben a dobre cara pero, neste caso, non superando o límite de 15 folios (30 páxinas).

Exclúense do cómputo os separadores ou portadas dos diferentes apartados que conforman os criterios non avaliados mediante cifras.

As proposicións que excedan o volume máximo de folios sinalado nos apartados anteriores serán automaticamente excluídas da licitación.

A documentación do licitador revisouse no acto de apertura do sobre nº 2 e cumpre co número máximo de folios que recolle o prego de condicións.

O artigo 10.3.1 do prego de condicións establece que *“o licitador presentará unha memoria que conterá a documentación que xustifique os apartados que se describen a continuación, cunha valoración máxima de 7 puntos, que se distribuirán da seguinte maneira:*

- *Organización do servizo que garanta o maior número de horas de traballo fóra do horario de maior actividade da instalación (a limpeza dos aseos da estación está suxeita aos horarios marcados no prego). Puntuación: ata 5 puntos.*

O horario de maior actividade é o seguinte: de luns a xoves entre as 7.00 e as 18.00 h, os venres de 7.00 a 21.00 h e os domingos de 17.00 a 22.00 h.

- *Sistema de control que permita o control diario por parte de TUSSA sobre as distintas tarefas de limpeza, así como a súa frecuencia. Puntuación: ata 2 puntos*

Polo tanto, a análise da oferta realizarase en base a estas cuestións:

Organización do servizo

Limpezas Salgado, SL inicia a súa planificación indicando, textualmente, que *“Esta proposta de cobertura, sendo viable operativa e tecnicamente, busca trasladar o maior número de horas de limpeza fora do horario de maior actividade do Centro. Non obstante, debido a que supón unha importante variación nos horarios actuais dos traballadores adscritos ó servizo, requirirá da búsqueda dun acordo cos mesmos co obxectivo de evitar eventuais conflitos laborais”*.

É evidente que na súa oferta presenta uns horarios de traballo e eses horarios deben cumprirse, xa que se os horarios se puidesen modificar a proposta presentada carecería de validez e a puntuación outorgada á mesma tamén.

En canto ao horario de traballo presenta un horario diferente por cada traballador e ademais as limpadoras 1 e 2 non teñen un horario fixo, establecendo catro quendas de traballo.

A súa concreción é a seguinte:

Limpadora 1:

- Quenda 1 e 3:
 - ✓ Luns a venres de 4.00 a 7.00, de 9.00 a 9.30 e de 12.00 a 12.30
 - ✓ Domingos de 9.00 a 12.00, de 14.00 a 17.00, de 18.00 a 18.30 e de 22.00 a 22.30 horas
- Quenda 2 e 4:
 - ✓ Luns a venres de 4.00 a 7.00, de 9.00 a 10.0 e de 12.00 a 13.00

Limpadora 2:

Na quenda 1 e 3 non presta servizo, realizando soamente a semana 2 e 4 co seguinte horario:

- Quenda 2:
 - ✓ Luns a venres de 22.30 a 0.30 horas
 - ✓ Domingos de 9.00 a 12.00, de 14.00 a 17.00, de 18.00 a 18.30 e de 22.00 a 22.30 horas
- Quenda 4:
 - ✓ Domingos de 9.00 a 12.00, de 14.00 a 17.00, de 18.00 a 18.30 e de 22.00 a 22.30 horas

Os outros tres traballadores teñen o mesmo horario todas as semanas, concretamente:

- **Limpadora 3:** luns, mércores e venres de 19.30 a 21.00 horas
- **Especialista 1:** de luns a xoves de 18.00 a 0.00 horas; venres de 18.00 a 23.00 horas e os sábados de 9.00 a 13.00 horas
- **Especialista 2:** de luns a venres de 18.00 a 0.30 horas e sábados de 15.00 a 21.30 horas

Con esta distribución horaria o número de horas semanais non é fixo, aínda que a media semanal é de 110 horas (horas semanais mínimas establecidas no prego de condicións). Concretamente a súa distribución de horas é:

- Quenda 1: 105 horas
- Quenda 2: 120 horas
- Quenda 3: 105 horas
- Quenda 4: 110 horas

Como o número de horas semanais non é fixo o número de horas fóra do horario establecido no prego tampouco é fixo, existindo variacións entre quendas de incluso ata 10 horas.

O número de horas fóra do horario por quendas é o seguinte:

Quendas 1 e 3

As quendas 1 e 3 teñen o mesmo horario en todos os traballadores é a súa planificación presenta un total de **87,5 horas fóra do horario**, distribuídas da seguinte forma:

- **Limpadora 1:** luns a venres de 4.00 a 7.00 (3 horas diarias e 15 horas semanais) e os domingos de 9.00 a 12.00, de 14.00 a 17.00, e de 22.00 a 22.30 horas (6,5 horas semanais); polo tanto este traballador realiza 21,5 horas fóra do seu horario.
- **Especialista 1:** de luns a xoves de 18.00 a 0.00 horas (6 diarias e 24 horas semanais); venres de 21.00 a 23.00 horas (2 horas semanais) e os sábados de 9.00 a 13.00 horas (4 horas semanais); polo tanto este traballador realiza 30 horas semanais fóra do seu horario.
- **Especialista 2:** de luns a xoves de 18.00 a 0.30 horas (6,5 horas diarias e 26 horas semanais); os venres de 21.00 a 0.30 horas (3,5 horas semanais) e sábados de 15.00 a 21.30 horas (6,5 horas semanais), realizando 36 horas semanais fóra do seu horario.

Quenda 2

A quenda 2 presenta un total de **97,5 horas fóra do horario** distribuídas da seguinte forma:

- **Limpadora 1:** luns a venres de 4.00 a 7.00 (3 horas diarias e 15 horas semanais).
- **Limpadora 2:** de luns a venres de 22.30 a 0.30 horas (2 horas diarias e 10 horas semanais) e os domingos de 9.00 a 12.00, de 14.00 a 17.00 e de 22.00 a 22.30 horas (6,5 horas semanais); polo tanto este traballador realiza 16,5 horas fóra do seu horario.
- **Especialista 1:** de luns a xoves de 18.00 a 0.00 horas (6 diarias e 24 horas semanais); venres de 21.00 a 23.00 horas (2 horas semanais) e os sábados de 9.00 a 13.00 horas (4 horas semanais); polo que este traballador realizar 30 horas semanais fóra do seu horario.
- **Especialista 2:** de luns a xoves de 18.00 a 0.30 horas (6,5 horas diarias e 26 horas semanais), os venres de 21.00 a 0.30 horas (3,5 horas semanais) e

sábados de 15.00 a 21.30 horas (6,5 horas semanais), realizando 36 horas semanais fóra do seu horario.

Quenda 4

A quenda 4 presenta un total de **87,5 horas fóra do horario**, distribuídas da seguinte forma:

- **Limpadora 1:** de luns a venres de 4.00 a 7.00 (3 horas diarias e 15 horas semanais).
- **Limpadora 2:** os domingos de 9.00 a 12.00 de 14.00 a 17.00, e de 22.00 a 22.30 horas (6,5 horas semanais).
- **Especialista 1:** de luns a xoves de 18.00 a 0.00 horas (6 diarias e 24 horas semanais), venres de 21.00 a 23.00 horas (2 horas semanais) e os sábados de 9.00 a 13.00 horas (4 horas semanais); polo que este traballador realiza 30 horas semanais fóra do seu horario.
- **Especialista 2:** de luns a xoves de 18.00 a 0.30 horas (6,5 horas diarias e 26 horas semanais), os venres de 21.00 a 0.30 horas (3,5 horas semanais) e sábados de 15.00 a 21.30 horas (6,5 horas semanais), realizando 36 horas semanais fóra do seu horario.

Como se pode apreciar, o número de horas fóra do horario de maior actividade da estación non é fixo, polo que se calcula a media entre as catro quendas, con un resultado de 90 horas semanais.

Ademais dos horarios do persoal subrogado, Limpiezas Salgado, SL presenta unha serie de tarefas nas que o equipo de especialistas prestará apoio ao persoal adscrito ao contrato. Estas tarefas son:

- Limpeza de acristalamentos con equipos e útiles específicos das oficinas TUSSA no aparcadoiro de Xoán XXIII e oficinas TUSSA na estación de autobuses.
- Limpeza do exterior das oficinas de TUSSA aparcadoiro Xoán XXIII.
- Abrillantado dos solos das oficinas de TUSSA aparcadoiro Xoán XIII.
- Limpeza de pavimentos e procesos especiais (abrillantado, desinfección, etc).
- Traballos e tarefas extraordinarias como: situacións de emerxencias, inundacións, incendio, reforma, etc.

Pola organización do servizo presentada, que garante 90 horas fóra do horario establecido outórgaselle **5,00 puntos**.

Sistemas de control

Limpiezas Salgado, SL basea o control e a supervisión en tres cuestións:

- Control das tarefas por rexistros
- Control das tarefas polos supervisores
- Control electrónico de presenza

En relación ao **control das tarefas por rexistros** Limpiezas Salgado, SL presenta unha serie de rexistros de calidade que serán revisados pola supervisora dentro da supervisión diaria e semanal prevista. Estes rexistros estarán expostos nas zoas de limpeza a controlar e son os seguintes:

- Rexistro de control de limpeza de WC
- Rexistro de control de tarefas diarias
- Rexistro de control de tarefas semanais
- Rexistro de control de tarefas mensuais
- Rexistro de control de tarefas anuais

Este rexistros asinaranse polo traballador e polo supervisor como “compromiso dunha correcta supervisión” e entregaranse a TUSSA para a súa conformidade.

No referente ao control das tarefas polos supervisores, Limpiezas Salgado, SL presenta unha supervisión diaria por parte da supervisora de mantemento. Nesa revisión realizará o control directo diario do cumprimento das tarefas a realizar no centro de traballo, cubrindo un “rexistro diario de control” no que consten as incidencias do servizo.

En base a estes rexistros diarios de control informarase mensualmente á dirección de TUSSA dos feitos máis relevantes do servizo durante o mes transcorrido.

Semanalmente o encargado de servizos especializados realizará un control e inspección de planificación da limpeza de:

- Cristais e as súas marcacións
- Limpezas dos chans
- Limpeza de instalacións, accesorios e patios

Para o control do servizo presenta un sistema de **control de presenza** por pegada dixital que permite controlar a presenza dos traballadores no centro de traballo.

En base ao indicado, puntúaselle da seguinte forma:

- Control de tarefas por rexistros, 0,75 puntos polo control das tarefas diarias, semanais, mensuais e anuais.
- Control dos aseos, 0,25 puntos.
- Inspección diaria do servizo, 0,5 puntos.
- Control de presenza, 0,10 puntos xa que simplemente garante o cumprimento do horario pero non o traballo a realizar.

Por todo indicado, a puntuación outorgada neste apartado é de **1,60 puntos**.

En base ao exposto neste informe e ao informe aprobado na mesa de contratación celebrada o 22 de abril de 2016, a **puntuación do sobre nº 2 de todas as empresa que seguen no proceso** queda da seguinte maneira:

| <i>Empresa</i> | <i>Organización do servizo</i> | <i>Sistemas de control</i> | <i>Total sobre nº 2</i> |
|---------------------------------------|--------------------------------|----------------------------|-------------------------|
| ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA | 3,43 | 2,00 | 5,43 |
| Itma, SLU | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Limpergal, SL | 3,24 | 1,20 | 4,44 |
| Limpiezas Germania, SL | 5,00 | 1,35 | 6,35 |
| Limpiezas Salgado, SL | 5,00 | 1,60 | 6,60 |

É canto teño a ben informar,

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2016

O TÉCNICO DE APARCADOIROS E
 OUTRAS ACTIVIDADES DO TRANSPORTE,

Asdo./ Antonio Padín Tuimil

MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA DA 6ª XUNTANZA****Concurso público por procedemento aberto para a contratación do SERVIZO DE LIMPEZA da estación de autobuses**

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 15 de xuño de 2016 ás 14.09 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez

Vogais: Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP.
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE.
Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG.
Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade.
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade.

Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno.

Non asiste: Don Xan Duro Fernández, representante de CA.

ORDE DO DÍA**1. Resolución de alegacións presentadas por Limpiezas Salgado, SL**

Procede o técnico de TUSSA coa explicación do informe presentado en relación ao escrito de recurso presentado pola empresa Limpiezas Salgado, SL contra a súa exclusión do procedemento na xuntanza da Mesa de Contratación de 22 de abril.


A Mesa de Contratación, examinado o informe técnico, acordou non excluír á empresa Limpiezas Salgado do procedemento.

Acompáñase a esta Acta o recurso presentado pola empresa Limpiezas Salgado, SL e o informe do técnico da Sociedade.

Polo tanto, acórdase solicitar ao técnico de TUSSA a valoración da documentación presentada pola empresa Limpiezas Salgado, SL no sobre nº 2, relativa aos criterios de adjudicación non avaliados mediante cifras ou porcentaxes, como paso previo á apertura do sobre nº 3.

Acórdase fixar a seguinte Mesa para o martes día 21 de xuño ás 14.00 horas.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 14.20 horas. Dou fe.

A collection of approximately ten handwritten signatures in blue ink, scattered across the page. The signatures vary in style, with some being highly stylized and others more legible. One signature at the top left appears to be 'Montut'. There is a large, sweeping signature at the top right, and a dense, scribbled signature at the bottom center.

INFORME

ASUNTO: Escrito de recurso da empresa Limpiezas Salgado, SL, de 2 de maio de 2016, contra a exclusión do procedemento para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de limpeza da estación de autobuses de Santiago.

A mesa de contratación celebrada o 22 de abril de 2016, de acordo co establecido no informe técnico que se presentou, acordou a exclusión de Limpiezas Salgado, SL por non cumprir coas frecuencias mínimas nin os horarios establecidos en relación á limpeza dos baños.

Ante esa situación, Limpiezas Salgado, SL presentou recurso baseado na existencia dun compromiso claro e expreso de limpar os baños 5 veces ao día e que esa tarefa está asignada ao persoal de apoio.

En relación á primeira cuestión indica que *“a súa **PROPOSTA TÉCNICA** menciona **na páxina 5 un COMPROMISO CLARO E EXPRESO** de cobertura da limpeza de aseos diariamente 5 veces ao día, indicando os horarios de prestación que coinciden exactamente cos esixidos no prego”*.

O que sinala na súa oferta é que realizará un programa de traballo específico para cada traballador asignado ao centro co obxectivo de cobertura específica para limpeza de aseos diariamente, 5 veces ao día, no seguinte horario: 9.00, 12.00, 15.00, 18.00 e 22.00 horas.

No programa específico que figura nas páxinas seguintes, é onde non asigna a ningún traballador, dos adscritos ao contrato, a limpeza dos aseos ás 15.00 horas de luns a venres. Ademais, nas quendas de traballo, ningún dos traballadores estaría na instalación nese horario, polo que non poderían levar a cabo a mencionada limpeza.

Limpiezas Salgado, SL recoñece este feito e por iso no seu recurso sinala que non figura porque esa limpeza non a levan a cabo os traballadores adscritos ao servizo senón que será función do persoal de apoio.

Na páxina 19 da súa oferta técnica, figura que *“Limpiezas Salgado designa o noso equipo de traballadores cunha cualificación profesional de especialistas á disposición das INSTALACIÓNS, que realizarán tarefas de apoio os especialistas asignados ao centro en tarefas como:*

- *Limpeza de acristalamentos con equipos e útiles específicos das oficinas TUSSA no aparcadoiro de Xoán XXIII e oficinas TUSSA na estación de autobuses*
- *Limpeza do exterior das oficinas de TUSSA aparcadoiro Xoán XXIII*
- *Abrillantado dos solos das oficinas de TUSSA aparcadoiro Xoán XIII*
- *Limpeza de pavimentos e procesos especiais (abrillantado, desinfección, etc)*
- *Traballos e tarefas extraordinarias como: situacións de emerxencias, inundacións, incendio, reforma, etc.”*

Como se pode apreciar na relación anterior, non figura a limpeza dos baños ás 15 horas de luns a venres.

É dicir, na oferta de Limpiezas Salgado, SL non figura en ningún momento a forma na que levará a cabo a limpeza das 15.00 horas de luns a venres pero tampouco indica que non vai facer ese traballo.

Na páxina 35 da súa oferta, sinala textualmente: **“LIMPIEZAS SALGADO** *garantirá o perfecto estado de limpeza e hixiene dos locais, dependencias e inmobles da estación de autobuses así como do mobiliario e elementos que conteñan, clasificándose en ordinario e extraordinario, levando a cabo, como mínimo as frecuencias establecidas no cadro da cláusula 5”*.

Nesa cláusula do prego establécese que a limpeza dos baños realizarase 5 veces ao día e no artigo 13.3 do prego administrativo soamente se indica que deberá presentar a documentación acreditativa da proposta da organización do servizo, non existindo obriga de indicar a forma na que se van a levar a cabo as distintas tarefas que forman parte do contrato nin o horario do mesmo.

A xuízo de quen subscribe, e tendo en conta que o prego de condicións non esixe que as ofertas deban incluír expresamente as distintas limpeza que van facer, e que a empresa Limpiezas Salgado en ningún momento indica que non vai levar a cabo a limpeza das 15.00 horas de luns a venres, débese concluír que cumpre co prego de condicións e polo tanto non debería ser excluída do proceso.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2016

O TÉCNICO DE APARCADOIROS E
OUTRAS ACTIVIDADES DO TRANSPORTE,



Asdo./Antonio Padín Tuimil

A MESA DE CONTRATACIÓN

OBXECTO DO CONTRATO: “SERVIZO DE LIMPEZA DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA”

ESCRITO DE RECURSO CONTRA A EXCLUSIÓN DO PROCEDIMENTO

D. RAMÓN SALGADO FUENTES con DNI nº 33.261.917-F e domicilio en Rúa Fernando III O Santo, Nº41; 15701 Santiago de Compostela, en representación da empresa LIMPIEZAS SALGADO, S.L. con CIF nº B-15.075.732

EXPOÑO

Que, unha vez recibido **COMUNICADO DE EXCLUSIÓN** do concurso do **“SERVIZO DE LIMPEZA DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES EN SANTIAGO DE COMPOSTELA”**, LIMPIEZAS SALGADO presenta este escrito de alegacións con obxecto de acreditar o **“CUMPRIMIENTO DO REQUISITO DE COBERTURA DIARIA DE LIMPEZA DE ASEOS, COAS FRECUENCIAS E NOS HORARIOS REQUERIDOS POLO PREGO”**, causa pola que a empresa foi excluída do concurso.

Se adxunta a documentación e argumentación explicativa do cumprimento de dito requisito base para a nosa exclusión do procedemento.

A nosa **PROPOSTA TÉCNICA** menciona **na páxina 5** un **COMPROMISO CLARO E EXPRESO** de cobertura da limpeza de aseos diariamente 5 veces ó día, indicando os horarios de prestación que coinciden exactamente cos esixidos no Prego:

“LIMPIEZAS SALGADO, S.L. realiza un programa de traballo específico para cada traballador asignado ó centro co obxectivo de: Cobertura específica para limpeza de aseos diariamente, 5 veces ó día, no seguinte horario: 9:00, 12:00, 15:00, 18:00, e 22:00 h”

Na nosa oferta técnica establécese unha proposta desglosada de organización “**para o persoal con dereito a subrogación**” (persoal relacionado no Anexo do Prego – cunhas horas **semanais limitadas**) e a maiores **faise referencia concreta o noso equipo de especialistas para a realización de todas aquelas tarefas e actividades que se requiran polo servizo de forma complementaria ó persoal subrogable.**

En canto a limpeza dos aseos cinco veces o día nos horarios establecidos no Prego, aínda que a maior parte se cubre con éste persoal subrogado, as horas nas que non e posible realizar a cobertura con este persoal (Luns a Venres as 15:00 hrs.) realizase co equipo de especialistas proposto tamén en dita oferta.

Por outro lado o Prego indica un **mínimo de horas de servizo** pero non limita tempos de dedicación nin persoal do que poida disponer a Empresa.

En definitiva, é o noso desexo voltar a insistir no feito de que xa ó inicio da nosa proposta desexamos deixar claro o **compromiso de cobertura da limpeza de aseos diariamente e as 9:00, 12:00, 15:00, 18:00, e 22:00 h.**

Por todo o anterior, **SOLICITO:**

Que se teña por presentada en tempo e forma o presente escrito de alegacions, tomándose en consideración as mesmas, e procedendo a admisión da empresa no concurso de referencia.

En, Santiago de Compostela, a 2 de Maio de 2016


Fdo: Ramón Salgado Fuentes

MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA DA 5ª XUNTANZA****Concurso público por procedemento aberto para a contratación do SERVIZO DE LIMPEZA da estación de autobuses**

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 9 de maio de 2016 ás 14.22 horas.

ASISTENTES:

- Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez
Vogais: Don Xan Duro Fernández, representante de CA.
Dona María Antón Vilasánchez, representante do PP.
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE.
Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade.
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade.
- Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno.
- Non asiste: Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG.

A Mesa de Contratación procede a analizar o escrito de alegacións presentado pola empresa Limpiezas Salgado, SL, de data 2 de maio de 2016, contra a exclusión do procedemento, e acórdase revisar o Prego de condicións e as alegacións presentadas, remitindo un informe técnico.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 14.33 horas. Dou fe.

MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA DA 4ª XUNTANZA****Concurso público por procedemento aberto para a contratación do SERVIZO DE LIMPEZA da estación de autobuses**

No Salón Verde da Casa Consistorial, réunese a Mesa de Contratación, o 29 de abril de 2016 ás 14.23 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez
Vogais: Don Xan Duro Fernández, representante de CA.
Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP.
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE.
Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade.
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade.

Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno.

Tamén asiste: D. Fernando José Paz Santos, de OHL Servicios Ingesán, SA; D. Alberto Rodríguez Gómez, de Limpiezas Salgado, SL e Dona Josefina Cotas Pena, de Limpergal, SL.

Non asiste: Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG.

ORDE DO DÍA**1. Apertura do sobre nº 3: proposición económica e oferta relativa aos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras e porcentaxes.**

En primeiro lugar dáse conta da ponderación acadada por cada licitador admitido nos criterios de adxudicación non avaliados mediante cifras ou porcentaxes.

Pregunta o representante da empresa Limpiezas Salgado sobre as razóns da exclusión da súa empresa do procedemento. Intervén o secretario quen lle indica que se trata dun incumprimento dos requirimentos do prego técnico. Fáiselle saber que pode consultar o expediente nas oficinas de TUSSA e que, de ser o caso, pode presentar as alegacións ou recursos que legalmente procedan.

A Mesa de contratación procede á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliábeis mediante cifras e porcentaxes dos distintos licitadores admitidos.

Obsérvase que a empresa ITMA, SL non presenta debidamente asinada a súa documentación, incumprindo o requirimento do prego de aplicación que na súa cláusula 13.4 sinala: *“Será motivo de **exclusión** da licitación o feito de que a documentación incluída neste sobre non estea **subscrita** na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a **integran** asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente se poderá **subsana**r coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre”*.

Pois ben, dado que non se atopa presente ningún representante da empresa, a mesa **acorda excluír** da licitación á oferta presentada pola empresa **ITMA, SL**.


Resultado da apertura:

| NOME DO LICITADOR | PREZO OFERTADO | MELLORAS | RELACIÓN DE MEDIOS |
|---------------------------------------|----------------|----------|--------------------|
| ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA | 165.657,24 € | Si | Si |
| Limpergal, SL | 162.658,00 € | Si | Si |
| Limpiezas Germania, SL | 165.000,00 € | Si | Si |

Finalmente acórdase o traslado da documentación dos licitadores ao técnico de TUSAA aos efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios así como da puntuación final acadada por cada un deles en todo o proceso licitatorio.

Acórdase fixar a seguinte Mesa para o luns 9 de maio de 2016 ás 14.00 horas.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 14.38 horas. Dou fe.



MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA DA 3ª XUNTANZA****Concurso público por procedemento aberto para a contratación do SERVIZO DE LIMPEZA da estación de autobuses**

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 22 de abril de 2016 ás 14.09 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez
Vogais: Don Xan Duro Fernández, representante de CA.
Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP.
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE.
Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG.
Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
Don José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade.
Don Antonio Padín Tuimil, técnico da Sociedade.
Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno.

ORDE DO DÍA**1. VALORACIÓN DA PROPOSICIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES.**

A mesa de contratación procede ao exame do informe valorativo realizado polo técnico de TUSSA sobre os criterios de adxudicación NON avaliáveis mediante cifras ou porcentaxes no que se dá conta das puntuacións acadadas por cada licitador e se poñen de manifesto aos presentes na xuntanza. Este informe acompáñase á acta.

Os membros da mesa amósanse conformes coas súas conclusións e acordan excluír da licitación as ofertas das empresas LIMPIEZAS SALGADO, SL e OHL SERVICIOS INGESAN, SA por incumprimento dos requirimentos recollidos no prego técnico. Concretamente, LIMPIEZAS SALGADO, SL non cumpre co número de frecuencias mínimas nin cos horarios establecidos en relación á limpeza dos baños e a empresa OHL SERVICIOS INGESAN, SA non cumpre cos horarios establecidos no prego para a limpeza dos baños.

Acórdase fixar a Mesa de apertura do SOBRE Nº 3 para o venres 29 de abril ás 14.00 horas.

Sen máis asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 14.27 horas. Dou fe.

INFORME

ASUNTO: Informe de valoración do sobre nº 2 do concurso para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de limpeza da estación de autobuses de Santiago.

O presente informe redáctase a solicitude da Mesa de Contratación, reunida o 15 de abril de 2016, ao obxecto de valorar a documentación do sobre nº 2 “proposición relativa aos criterios de adxudicación non avaliábles mediante cifras ou porcentaxes”, presentada polos seguintes licitadores:

- ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA
- Itma, SLU
- Limpergal, SL
- Limpiezas Germania, SL
- Limpiezas Salgado, SL
- OHL Servicios Ingesan, SA

Segundo indica o artigo 13.3, no sobre nº 2 *incluírase a documentación acreditativa do criterio de adxudicación 1 “proposta de organización do servizo”.*

A documentación estará numerada correlativamente e non excederá estritamente de 30 folios DIN A4, redactadas en fonte de letra ARIAL e tamaño 10 (ou similar perfectamente lexible) a unha soa cara ou ben a dobre cara pero, neste caso, non superando o límite de 15 folios (30 páxinas).

Exclúense do cómputo os separadores ou portadas dos diferentes apartados que conforman os criterios non avaliábles mediante cifras.

As proposicións que excedan o volume máximo de folios sinalado nos apartados anteriores serán automaticamente excluídas da licitación.

A documentación dos licitadores revisouse no acto de apertura do sobre nº 2 e todos cumpren co número máximo de folios que recolle o prego de condicións.

O artigo 10.3.1 do prego de condicións establece que “o licitador presentará unha memoria que conterá a documentación que xustifique os apartados que se describen a continuación, cunha valoración máxima de 7 puntos, que se distribuirán da seguinte maneira:

- *Organización do servizo que garanta o maior número de horas de traballo fóra do horario de maior actividade da instalación (a limpeza dos aseos da estación está suxeita aos horarios marcados no prego). Puntuación: ata 5 puntos.*

O horario de maior actividade é o seguinte: de luns a xoves entre as 7.00 e as 18.00 h, os venres de 7.00 a 21.00 h e os domingos de 17.00 a 22.00 h.

- *Sistema de control que permita o control diario por parte de TUSSA sobre as distintas tarefas de limpeza, así como a súa frecuencia. Puntuación: ata 2 puntos”*

Polo tanto, a análise das ofertas realizarase en base a estas cuestións:

ISS SOLUCIONES DE LIMPIEZA DIRECT, SA

Organización do servizo

En relación á organización do servizo ISS presenta un cadro de frecuencias idéntico ao do prego de condicións, garantindo 110 horas de traballo que é o mínimo de horas establecido no prego de condicións.

En canto ao horario de traballo, presenta o seguinte:

- Unha persoa presente na estación entre as 9.00 e as 13.30 horas e entre as 15.00 e as 22.00 horas.
- A limpeza dos aseos nos horarios establecidos no prego de condicións, é dicir, ás 9.00, 12.00, 15.00, 18.00 e 22.00 horas.
- A limpeza das oficinas de información despois das 22.00 horas, as de megafonía despois das 22.30 horas e as de TUSSA despois das 15.00 horas. A oficina de Xoán XXIII a calquera hora xa que existe persoal as 24 horas.

- Limpeza das instalacións en horario de mínima afluencia, é dicir, fóra do intervalo de 7.00 a 18.00 horas (de luns a xoves), os venres fóra do intervalo de 7.00 a 21.00 horas e dos domingos fóra do intervalo de 17.00 a 22.00 horas.

Estas liñas xerais sobre o horario acompañanse dun cuadrante coa súa concreción por áreas de traballo, concretamente presenta o seguinte horario:

- Mantemento de limpeza: de luns a xoves de 9.00 a 13.30 e de 15.00 a 20.00; os venres de 9.00 a 13.30 e de 15.00 a 20.00 horas; os sábados de 9.00 a 13.30 e de 15.00 a 22.30; e os domingos de 9.00 a 15.30 e de 18.00 a 22.30 horas.
- Limpeza xeral da estación: de luns a xoves de 18.30 a 0.30 horas, os venres de 19.00 a 1.30 horas e os sábados de 9.00 a 12.30 horas.
- As oficinas de TUSSA limpanse de 15.00 a 16.30 horas os luns, mércores e venres e as oficinas do aparcadoiro de Xoán XXIII os venres de 9.00 a 10.00 horas

Esta planificación presenta un total de **59 horas fóra do horario** distribuídas da seguinte forma:

- En mantemento de limpeza realízanse 2 horas de luns a xoves (18.00 a 20.00) que supoñen 8 horas semanais, os sábados 12 horas (9.00 a 13.30 e 15.00 a 22.30) e os domingos 7 horas (de 9.00 a 15.30 e de 22.00 a 22.30). Isto supón un total de 27 hora semanais.
- En limpeza xeral da estación realízanse 6 horas de luns a xoves (18.30 a 0.30), que supoñen 24 horas semanais, os venres 4,5 horas (21.00 a 1.30) e os sábados 3,5 horas (9.00 a 12.30). Ascende a un total de 32 horas semanais.

Presenta unha relación de maquinaria que adscribe ao servizo e que lle permite cumprir coas frecuencias establecidas na súa oferta. Concretamente:

- 2 carros adaptables
- 1 fregadora de condutor acompañante
- 1 rotativa
- 1 limpadora de auga a presión
- 1 fregadora de escaleiras mecánicas
- 1 aspirador de po

- 1 aspirador de po/auga
- Sinais de chan húmido
- Medios de elevación (escaleiras, elevadores, etc.)

Comprométese a atender as urxencias en horarios non cubertos en menos de unha hora.

Polas 59 horas fóra do horario establecido outórgaselle **3,43 puntos**.

Sistemas de control

ISS presenta a implantación dunha aplicación web propia que permite:

- Informar de incidencias e rexistrar a súa resolución
- Planificar as tarefas contratadas (mensuais, semestrais, anuais, ...)
- Control das tarefas realizadas
- Planificación das accións correctivas
- Permite rexistrar automaticamente os controis de calidade
- Permite emitir informes de eficiencia dos servizos prestados

O cliente pode acceder ao seguimento das tarefas realizadas, programadas, incidencias, tempo de resolución, ...

Esta aplicación permítelle a TUSSA realizar ordes de traballo que o responsable do servizo recibirá no seu terminal móbil.

Instalarán códigos QR nos aseos que permitirán aos usuarios da estación indicar en cada momento o seu estado. O encargado do servizo de limpeza recibirá, instantaneamente o problema detectado.

Presenta tamén a elaboración da enquisa de satisfacción do cliente e unha enquisa de satisfacción do usuario final do servizo.

A enquisa de satisfacción do cliente será, como mínimo, anual. En canto á de satisfacción do usuario final indica que no primeiro mes se establecerá con TUSSA a frecuencia, a planificación por áreas, o calendario, os correos electrónicos e o contido da enquisa. En base ao anterior, non queda claro a forma de levar a cabo a entrevista nin a validez da mesma.

Ademais, presenta para TUSSA as seguintes medidas que consideran especiais:

- Supervisión directa dos operarios. Unha vez por semana o responsable de equipo levará a cabo una supervisión aleatoria da folia de ruta de calquera operario para comprobar que non existen variacións en relación ás tarefas programadas.
- Comunicación fluída do responsable de equipo co xestor do servizo. Semanalmente acudirán ao centro de traballo.
- Reunión do xestor do servizo co cliente. Manteranse reunións de seguimento nas que, entre outros temas non especificados, verificarase que as non conformidades foran arranxadas.

En base ao indicado, puntúaselle da seguinte forma:

- Aplicación web que permite o control das tarefas realizadas, 1,5 puntos.
- Inspección semanal do servizo por parte do encargado, 0,25 puntos
- Sistema para que o usuario final dos aseos poida indicar as incidencias directamente para a súa subsanación, 0,25 puntos.

Por todo indicado, a puntuación outorgada neste apartado é de **2 puntos**.

| |
|------------------|
| ITMA, SLU |
|------------------|

O prego de condicións, no seu artigo 13.3, establece que *“para ser tida en conta, dita documentación deberá estar subscrita na súa totalidade polo licitador, ou ir acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados”*.

Pois ben, dado que a empresa Itma, SLU presentou a documentación do sobre 2 sen asinar e tampouco incluíu ningunha relación de documentos asinada polo licitador, a Mesa acordou non tala en conta, polo que a súa oferta non se valora.

Puntuación: **0 puntos**.

LIMPERGAL, SL**Organización do servizo**

Limpergal presenta unha relación dos traballadores que prestarán servizo. Indica que existirá un persoal fixo coas seguintes horas:

- Unha limpadora con 27,50 horas semanais
- Unha limpadora con 4,5 horas semanais
- Unha limpadora con 7,63 horas semanais
- Un especialista con 39 horas semanais
- Un especialista con 33 horas semanais

Isto supón que o persoal fixo da instalación realizará 111,63 horas semanais.

A maiores destinará un especialista con 50 horas anuais e un encargado con 156 horas anuais.

Os horarios de traballo que presenta son os seguintes:

- **Limpador 1:** Os luns de 10.00 a 14.00 horas; de martes a venres de 9.00 a 13.00; de 15.00 a 16.00 os mércores (limpeza da oficina de Xoán XXIII); e os domingos de 9.00 a 15.30 horas.
- **Limpador 2:** Domingos de 18.00 a 22.15 horas e os festivos de 9.00 a 15.15 e de 18.00 a 22.45 horas.
- **Limpador 3:** Luns, mércores e venres de 15.00 a 16.30 horas.
- **Especialista 1:** Luns de 6.00 a 10.00 e de 15.00 a 20.00 horas; de martes a venres de 15.00 a 20.00 horas; e sábados de 9.00 a 13.00 horas.
- **Especialista 2:** Luns de 19.30 a 0.30 horas; de martes a venres de 18.00 a 0.30 horas; e os sábados de 15.00 a 23.00 horas.

Esta distribución do traballo presenta un total de **55,75 horas fóra do período de máis actividade da estación**, distribuídos da seguinte maneira:

- **Limpador 1:** Os domingos de 9.00 a 15.30 horas (6,5 horas)
- **Limpador 2:** Domingos de 22.00 a 22.15 horas (0,25 horas)

- **Especialista 1:** Luns de 6.00 a 7.00 horas (1 hora semanal) e de 18.00 a 20.00 horas (2 horas semanais); de martes a xoves de 18.00 a 20.00 horas (2 horas diarias e 6 horas semanais); e sábados de 9.00 a 13.00 horas (4 horas semanais)
- **Especialista 2:** Luns de 19.30 a 0.30 horas (5 horas semanais); de martes a xoves de 18.00 a 0.30 horas (6,5 horas diarias e 19,5 horas semanais); os venres de 21.00 a 0.30 horas (3,5 horas semanais); e os sábados de 15.00 a 23.00 horas (8 horas semanais).

Tamén presenta un servizo de urxencias as 24 horas que serán respondidas nun tempo non superior aos 60 minutos.

En relación á maquinaria distingue entre elementos que quedarán fixos no centro de traballo e elementos que non quedarán no centro pero poderá dispoñer deles. Os elementos que presenta son:

- Maquinaria fregadora-secadora (non fixa)
- Hidrolimpadora (fixa na instalación)
- Ascensor po/auga (fixa na instalación)
- 2 min xeradores de ozono (fixos na instalación)
- Camión Nissan con equipo aspirador impulsor de alta presión (non fixo)
- Rotativa (non fixa)
- Fregadora de escaleiras mecánicas (fixa)
- Furgoneta Ford Transit con cesta elavadora (non fixa)
- 2 carros de limpeza (fixa)
- Escaleiras (non fixa)
- Aspirador de po (non fixo)

Polas 55,75 horas fóra do horario establecido outórgaselle **3,24 puntos**.

Sistemas de control

Para o control do servizo presenta un sistema de control de presenza por pegada dixital que permite controlar a presenza dos traballadores no centro de traballo.

Ademais presenta un supervisor que estará localizado as 24 horas mediante teléfono móbil. Disporá, no centro de traballo, un libro de rexistro de visitas onde quedarán rexistradas todas as inspeccións e a avaliación dos traballos realizados. Entregarán

unha copia de dita avaliación a TUSSA. A frecuencia mínima de ditas inspeccións será de 20 días.

O persoal de limpeza deberá cubrir diariamente o formato “inspección de operacións durante o servizo”. Ditos partes serán recollidos polo supervisor do servizo mensualmente. Entregarase unha copia de ditos partes a TUSSA

Semestralmente realizarase unha inspección final do servizo.

En caso de que se observase unha incidencia ou se reciba unha reclamación do cliente ou supervisor deberá visitar o centro e elaborar un informe coas incidencias observadas para proceder á súa corrección nun prazo de 24 horas.

Por último presentan un sistema de control para os aseos no que o traballador que procede á súa limpeza deberá indicar a data e a hora na que se realizou.

En base ao indicado puntúaselle da seguinte forma:

- Control de presenza, 0,10 puntos xa que simplemente garante o cumprimento do horario pero non o traballo a realizar.
- Revisión do servizo cada 20 días como mínimo, 0,10 puntos.
- Cumprimentar diariamente os partes de traballo, 0,75 puntos.
- Control para os aseos, 0,25 puntos.

Por todo indicado a puntuación outorgada neste apartado é de **1,20 puntos**.

LIMPIEZAS GERMANIA, SL

Organización do servizo

Limpiezas Germania presenta un plan de traballo de 112,5 horas semanais (o prego establece un mínimo de 110 horas).

Na estación de autobuses dedicará 107 horas semanais, coa seguinte distribución:

- Os luns presenta un especialista de 18.00 a 23.00 horas, outro especialista de 18.00 a 01.00 horas e un limpador de 9.00 a 10.00, de 12.00 a 13.00, de 15.00 a 16.00, de 18.00 a 19.00 e de 22.00 a 23.00 horas.

- De martes a xoves, un especialista de 18.00 a 23.00 horas, outro especialista de 18.00 a 0.00 horas e un limpador de 9.00 a 10.00, de 12.00 a 13.00, de 15.00 a 16.00, de 18.00 a 19.00 e de 22.00 a 23.00 horas.
- Os venres un especialista de 21.00 a 2.00 e un limpador de 9.00 a 10.00, de 12.00 a 13.00, de 15.00 a 16.00, de 18.00 a 19.00 e de 22.00 a 23.00 horas.
- Os sábados; dous especialistas de 14.00 a 22.00 horas e un limpador de 9.00 a 10.00, de 12.00 a 13.00, de 15.00 a 16.00, de 18.00 a 19.00 e de 22.00 a 23.00 h
- Os domingos un especialista de 17.00 a 0.00 e un limpador de 9.00 a 10.00, de 12.00 a 13.00, de 15.00 a 16.00, de 18.00 a 19.00 e de 22.00 a 23.00 horas.

Nas oficinas de TUSSA limpará os luns, mércores e venres de 19.00 a 20.30 horas e no aparcadoiro de Xoán XXIII unha hora semanal sen distribución fixa.

Ditos traballos comprométese a complementalos, se fose necesario, cuns equipos de limpeza.

Esta distribución do traballo presenta un total de **86 horas fóra do período de máis actividade da estación**, distribuídos da seguinte maneira:

- Os luns presenta un especialista de 18.00 a 23.00 horas (5 horas), outro especialista de 18.00 a 01.00 horas (7 horas) e un limpador de 18.00 a 19.00 e de 22.00 a 23.00 (2 horas); o que supón 14 horas semanais.
- De martes a xoves, un especialista de 18.00 a 23.00 horas (5 horas), outro especialista de 18.00 a 0.00 horas (6 horas) e un limpador de 18.00 a 19.00 e de 22.00 a 23.00 (2 horas); o que supón 13 horas diarias e 39 horas semanais.
- Os venres un especialista de 21.00 a 2.00 (5 horas) e un limpador de 22.00 a 23.00 (1 hora), o que supón 6 horas semanais.
- Os sábados; dous especialistas de 14.00 a 22.00 horas (8 horas cada especialista) e un limpador de 9.00 a 10.00, de 12.00 a 13.00, de 15.00 a 16.00, de 18.00 a 19.00 e de 22.00 a 23.00 (5 horas), o que supón 21 horas semanais.
- Os domingos un especialista de 22.00 a 0.00 (2 horas) e un limpador de 9.00 a 10.00, de 12.00 a 13.00, de 15.00 a 16.00 e de 22.00 a 23.00 (4 horas), o que supón 6 horas semanais.

Tamén establecerá un responsable/interlocutor que estará localizable, vía teléfono móbil as 24 horas do día os 365 días do ano.

A maquinaria que disporá para a realización do servizo é a seguinte:

- 2 aspiradores de po
- 1 aspirador de auga
- 1 hidrolimpadora
- 1 fregadora – aspiradora
- 1 rotativa
- 1 máquina de limpeza de escaleiras mecánicas
- 1 xerador de vapor

Polas 86 horas fóra do horario establecido outórgaselle **5 puntos**.

Sistemas de control

Neste apartado Limpiezas Germania, SL presenta un sistema de control de presenza a través dun equipo electrónico que consta dun lector e un punto de control. A través deste sistema propón controlar o horario de traballo do persoal.

Ademais destinará unha persoa con función de supervisor de calidade dos servizos que terá, entre outras funcións, realizar inspeccións e observacións para dar cumprimento aos estándares establecidos.

As revisións serán planificadas e non planificadas. As planificadas teñen que ver con comprobacións do correcto funcionamento dos equipos, dos elementos de protección persoal e almacenamento e inventario de consumibles.

En relación ás non planificadas realizaranse, como mínimo, 4 ao mes.

Como sistema de control do servizo comprometése a presentar, trimestralmente, unha auditoría externa do servizo realizada por ITEL (Instituto Técnico Español de Limpezas).

Como sistema de avaliación presenta un informe de control aínda que non indica o número nin o prazo a que se refire cada informe, que está baseado en tres cuestións:

- Un sistema de control de calidade do servizo que realizará o responsable de equipo. Este disporá dunha aplicación informática no seu terminal móbil que lle permitirá controlar o nivel de limpeza de cada zona.

- Un cuestionario de calidade mensual a cumprimentar por TUSSA.
- Datos a valorar: na súa oferta indica que unha vez recollidos os datos a través dos sistemas de avaliación terase en conta para controlar a calidade do servizo que estamos a prestar os seguintes puntos:
 - Puntualidade dos operarios
 - Comportamento dos operarios
 - Estado da vestimenta dos operarios
 - Organización do almacén dos produtos de limpeza
 - Estado dos equipos de traballo
 - Limpeza dos cristais interiores
 - Limpeza dos cristais exteriores
 - Limpeza de fachadas
 - Limpeza de aseos e aparatos sanitarios
 - Limpeza de paredes azulexadas
 - Limpeza de vestiarios
 - Limpeza de ascensores
 - Limpeza de pavimentos
 - Abrillantado de pavimentos
 - Limpeza de equipos ofimáticos
 - Limpeza de papeleiras
 - Limpeza de mobiliario
 - Limpeza de cadeiras tapizadas
 - Limpeza de teitos
 - Limpeza de puntos de luz
 - Limpeza de portas de paso
 - Limpeza de cuartos técnicos

De todo o indicado enténdese que presentarán un informe cos puntos a valorar da información recollida a través do sistema de control do persoal, do cuestionario de calidade e do control realizadas polo responsable de equipo no que se valorará o que eles presentan como datos a valorar. Non se indica cada canto tempo presentarán dito informe.

En base ao indicado puntúaselle da seguinte forma:

- Control de presenza, 0,10 puntos xa que simplemente garante o cumprimento do horario pero non o traballo a realizar.
- As inspeccións semanais puntúanse con 0,25 puntos.
- Presentación de documentación a TUSSA. Como non indica a súa periodicidade non se pode valorar.
- Auditoría externa trimestral. 1 punto.

Por todo indicado a puntuación outorgada neste apartado é de **1,35 puntos**.

LIMPIEZAS SALGADO, SL

Organización do servizo

Limpiezas Salgado, SL comprométese a realizar as horas mínimas establecidas no prego de condicións (110 horas).

Antes de entrar a valorar a súa oferta, na súa proposta indican que *“esta proposta de cobertura, sendo viable operativamente e tecnicamente, busca trasladar o maior número de horas de limpeza fóra do horario de maior actividade do centro. Non obstante, debido a que supón unha importante variación nos horarios actuais dos traballadores adscritos ao servizo, requirirá unha búsqueda dun acordo cos mesmos co obxectivo de evitar eventuais conflitos laborais”*.

É certo que todas as propostas analizadas presentan un cambio nos horarios dos traballadores pero todas elas falan de horarios pechados mentres que neste caso Limpiezas Salgado parece indicar que non pode garantir cumprir cos horarios propostos.

Os horarios que propoñen son os seguintes:

Limpadora 1

- **Quenda 1 e 3:** Luns a venres de 4.00 a 7.00, de 9.00 a 9.30 e de 12.00 a 12.30. Os domingos de 9.00 a 12.00, de 14.00 a 17.00, de 18.00 a 18.30 e de 22.00 a 22.30 horas.
- **Quenda 2 e 4:** Luns a venres de 4.00 a 7.00, de 9.00 a 10.00 e de 12.00 a 13.00 horas.

- **Aparcadoiro de Xoán XXIII:** Xoves de 18.00 a 19.30.

Limpadora 2

- **Quenda 1 e 3:** Libra.
- **Quenda 2:** Luns a venres de 22.30 a 0.30 e os domingos de 9.00 a 12.00, de 14.00 a 17.00, de 18.00 a 18.30 e de 22.00 a 22.30 horas.
- **Quenda 4:** os domingos de 9.00 a 12.00, de 14.00 a 17.00, de 18.00 a 18.30 e de 22.00 a 22.30 horas.

Limpadora 3

- **Luns, mércores e venres:** de 19.30 a 21.00 horas.

Especialista 1

- **De luns a xoves:** de 18.00 a 0.00 horas.
- **Os venres:** de 18.00 a 23.00 horas.
- **Os sábados:** de 9.00 a 13.00 horas.

Especialista 2

- **De luns a venres:** de 18.00 a 0.30 horas.
- **Sábados:** de 15 a 21.30 horas

Nas tarefas a realizar por cada un dos traballadores obsérvase que dos baños, de luns a venres, encárgase a limpadora 1 ás 9.00 e ás 12.00 horas e o especialista 1 ou o especialista 2 ás 18 e ás 22 horas, polo que só se limpan 4 veces ao día cando o prego establece, no seu artigo 3 de prescricións técnicas, que *“os aseos limpanse diariamente, 5 veces ao día, co seguinte horario: 9.00, 12.00, 15.00, 18.00 e 22.00 horas”*.

É dicir, mentres o prego de condicións establece que os aseos se deben limpar 5 veces ao día Limpiezas Salgado, SL soamente presenta a limpeza 4 veces ao día. Incluso analizando os horarios obsérvase que non existen ningún traballador de luns a venres ás 15.00 horas que puidese levar a cabo dita limpeza.

A pesar de que existe un compromiso asinado no que indica que *“LIMPIEZAS SALGADO garantizará o perfecto estado de limpeza e hixiene dos locais, dependencias e inmobles da estación de autobuses así como do mobiliario e elementos que conteñan,*

*clasificándose en ordinario e extraordinario, levando a cabo, como mínimo as frecuencias establecidas no cadro da cláusula 5", na redacción da súa oferta non cumpre o número de frecuencias mínimas nin os horarios establecidos en relación á limpeza dos baños e polo tanto **debería ser excluído do proceso por incumprimento do prego.***

OHL SERVICIOS INGESAN, SA

Organización do servizo

Inicia a súa oferta cunha descrición das tarefas de limpeza onde se indica a frecuencia, os horarios nos que se realizará, os produtos empregados, a maquinaria utilizada así coma os procedementos a aplicar polos traballadores.

Na limpeza dos aseos establece que a limpeza realizarse de 9.30 a 10.00, de 12.30 a 13, de 15.00 a 16.00, de 18.00 a 19.00 e de 21.00 a 22.00 horas.

Igual que no caso anterior, incumpre o establecido no prego de condicións xa que no mesmo estaba establecido que a limpeza se levara a cabo ás 9.00 horas (non ás 9.30), ás 12.00 horas (non ás 12.30) e ás 22.00 horas (non ás 21.00 horas).

Debido a este **incumprimento do prego debería ser excluída do proceso.**

En base ao exposto neste informe, e ás puntuacións outorgadas, a puntuación do sobre nº 2 queda da seguinte maneira:

| <i>Empresa</i> | <i>Organización do servizo</i> | <i>Sistemas de control</i> | <i>TOTAL</i> |
|---------------------------------------|--------------------------------|----------------------------|--------------|
| ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA | 3,43 | 2,00 | 5,43 |
| Itma, SLU | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Limpergal, SL | 3,24 | 1,20 | 4,44 |
| Limpiezas Germania, SL | 5,00 | 1,35 | 6,35 |

É canto teño a ben informar,

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2016

O TÉCNICO DE APARCADOIROS E
OUTRAS ACTIVIDADES DO TRANSPORTE,


Asdo./ Antonio Padín Tuimil

MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA

ACTA DA 2ª XUNTANZA

Concurso público por procedemento aberto para a contratación do SERVIZO DE LIMPEZA da estación de autobuses

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 15 de abril de 2016 ás 14.08 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez

Vogais: Don Xan Duro Fernández, representante de CA.
Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP.
Don Gonzalo Muñíos Sánchez, representante do PSOE.
Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade.

Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno.

Tamén asiste: Don Fernando Paz Santos, da empresa OHL Servicios Ingesán, SA.

Non asiste: Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG.

ORDE DO DÍA

1. APERTURA DO SOBRE Nº 2: PROPOSICIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES.

A mesa de contratación procede á apertura dos sobres que conteñen os criterios de adxudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos, co seguinte resultado:

| Nome do licitador | Proposta de organización | Incidencia |
|---------------------------------------|--------------------------|---------------|
| ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA | Si | |
| ITMA, SLU | Si (sen asinar) | Non se valora |
| Limpergal, SL | Si | |
| Limpiezas Germania, SL | Si | |
| Limpiezas Salgado, SL | Si | |
| OHL Servicios Ingesan, SA | Si | |


A cláusula 13.3 sinala: *“Para ser tida en conta, dita documentación deberá estar subscrita na súa totalidade polo licitador, ou ir acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados”*.

Pois ben, dado que a empresa ITMA, SLU presenta a documentación do sobre nº 2 sen asinar, a mesa acorda non tela en conta, polo que a súa proposta de organización do servizo non se valorará.

Finalmente acórdase o traslado da documentación dos licitadores ao técnico de TUSSA aos efectos de realizar o informe valorativo e o cálculo das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios NON avaliábeis mediante cifras.

Acórdase fixar a Mesa de valoración da proposición relativa aos criterios de adxudicación non avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes para o venres 22 de abril ás 14.00 horas.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 14.23 horas. Dou fe.

The image shows several handwritten signatures in blue ink. There are approximately six distinct signatures scattered across the lower half of the page. Some are very stylized and difficult to read, while others are more legible, such as the one that appears to say 'Antonio'.

MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA DA 1ª XUNTANZA****Concurso público por procedemento aberto para a contratación do SERVIZO DE LIMPEZA da estación de autobuses**

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 8 de abril de 2016 ás 14.12 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez

Vogais: Don Xan Duro Fernández, representante de CA.

Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP.

Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE.

Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG.

Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.

José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade.

Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno.

ORDE DO DÍA**1. APERTURA DO SOBRE Nº 1 DE "DOCUMENTACIÓN XERAL" PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES DE SANTIAGO.**

Dáse conta da presentación de SEIS empresas, todas elas en prazo:


- ISS Soluciones de Limpieza Direct, SA
- ITMA, SLU
- Limpergal, SL
- Limpiezas Germania, SL
- Limpiezas Salgado, SL
- OHL Servicios Ingesan, SA

Procédese seguidamente á apertura do sobre nº 1 de cada empresa, co seguinte resultado:

Todas as empresas presentan a declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración.

Acórdase fixar a Mesa de apertura do SOBRE nº 2 para o venres 15 de abril ás 14.00 horas.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 14.20 horas. Dou fe.

A collection of approximately seven handwritten signatures in blue ink, scattered across the middle of the page. The signatures vary in style, with some being very large and sweeping, and others being more compact and cursive.